


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

8-9 de febreiro do 2025

V ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ n° 7 *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Algúns, os seus propios veciños, rexeitaron a Xesús como víamos na celebración da semana pasada; pero outros amoreábanse ao seu arredor interesados na súa palabra e nos seus feitos. A súa mensaxe e as súas milagres atraían a moitos, e querían estar preto del.

Pero seguir a Xesús non é doado. Cando cheguen os momentos difíciles da súa vida ímolo a encontrar só con algunhas mulleres e Xoán. Os outros desapareceran, tiñan medo.

Nós xuntámonos a escoitar as súas palabras hoxe, 2000 anos despois, e podemos ser daqueles que só querían escoitar e ver milagres, ou podemos ser dos que nos deixamos chamar por El e comprometémonos na súa misión de proclamar a Boa Nova. Ser “pescadores de homes e mulleres” é facer mellor nós o camiño da paz, é ser máis coidadosos coa terra e a natureza, é demostrar con feitos que vale a pena tratarnos coma irmáns.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Os proxectos de Deus son para quen quere vivir seguindo a Xesús facendo evanxeo. Facémolo moitas veces pero pedimos perdón, porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

✓ Por seren moitos os fracasos, necesitamos amosar con feitos o que de bo ten a Boa Nova. Non podemos perder a esperanza, por iso Señor, échenos de alento.

✓ Por seren moitos os medos, necesitamos refacer o camiño da igualdade e o camiño da paz. Non podemos perder a confianza, por iso Cristo, échenos de alento.

✓ Por seren moitas as dúbidas, necesitamos escoitar a túa voz dicíndonos que contas con nós. Para facer evanxeo nós valemos, por iso Señor, échenos de alento.

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, de todos os que sofren mentres esperan respecto e comprensión. A todos, o Señor, nos concede o perdón e confiamos nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe mirando para as nosas mans, e preguntándonos que se espera de nós?.*

(silenzo)

Celebrante:

Señor, garda con amor de Pai a túa familia. Na túa graza está toda a nosa esperanza, gárdanos sempre coa túa man protectora e chea de amor para que sexamos capaces de ser verdadeiras testemuñas de Xesús na sociedade de hoxe. Pedímoscho por El, teu Fillo e noso Irmán, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O que San Paulo nos conta na súa carta fala da importancia do Evanxeo transmitido. Nós somos as mans necesarias para que a Boa Nova sexa crible.*

No evanxeo, uns mariñeiros, a pesares das dúbidas, fan o que Xesús pide. Convidados por el adéntranse no camiño de ser pescadores de homes e mulleres. Nós tamén somos convidados.

Leccionario I-C páx 185 1 Cor 15, 1-11 LECTURA

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Quero que vos acorde, irmáns, o Evanxeo que vos prediquei, que vós aceptastes, no que ficades firmes e polo que vos estades salvando (se é que o gardades tal como volo anunciei; do contrario, a vosa fe sería inútil).

Transmitinvos, xa que logo, antes de nada o que eu mesmo recibín: que Cristo morreu polos nosos pecados conforme ás Escrituras; que o sepultaron, que ao terceiro día resucitou conforme ás Escrituras e que se apareceu a Cefas e despois aos Doce. Máis tarde apareceuse dunha soa volta a máis de cincocentos irmáns; moitos deles aínda viven, algúns xa finaron. Despois apareceuse a Santiago e logo a todos os apóstolos. En derradeiro lugar aparecéuseme tamén a min, coma ao nacido á deshora.

Pero, en fin, que sexa eu ou que sexan eles, así predicamos e así crestes vós.

Palabra do Señor

🎵 *nº 55 No colo da miña nai* **SALMO**

(en pé) *Lec I C páx 186* Lc 5, 1-11 *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, estando Xesús á beira do lago de Galilea, mentres a xente se amoreaba ao seu arredor, escoitando a Palabra de Deus, viu dúas barquiñas que estaban na beira do lago. Os pescadores que desembarcaran delas lavaban as redes. Subiu a unha barca, que era de Simón, rogoulle que se apartase un pouco da terra, e desde a barca, sentado, ensinaba á xente.

Cando acabou de falar, díxolle a Pedro:

- Voga mar a dentro, e bota a rede para pescar.

Respondeu Simón:

- Mestre, pasamos a noite faenando e non demos collido un rabo de peixe, pero, xa que ti o dis, largarei o aparello.

Así o fixeron, e colleron tal cantidade de peixe que a rede rebentaba. Fixéronlles entón acenos aos compañeiros da outra lancha para que lles fosen botar unha man. Foron e encheron as dúas lanchas tanto que, a pouco máis, van a pique. Vendo isto, Simón Pedro botóuselle aos pés a Xesús, dicindo:

- Señor, arreda de min, que eu son un pecador.

Porque tanto el coma os seus compañeiros quedaron parvos con tanto peixe como colleran naquel lance. O mesmo lles pasaba a Santiago e mais a Xoán, fillos de Zebedeo, que eran compañeiros de Simón.

E díxolle Xesús a Simón:

- Tranquilo, desde agora vas ser pescador de homes.

Varando as barcas en terra e deixándoo todo, seguírono.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que nos propón esta Palabra
que vimos de escoitar?

Con Xesús vaíamos pescar mar
a dentro na vida. Vaíamos pescar
coa **rede da paciencia**, porque
vivimos nuns tempos de

demasiada agresividade. Enseguida se perden as formas e
se fala a gritos, enseguida se insulta, enseguida se critica
sen piedade, enseguida se chega ás mans con pelexas e
liortas. Nós vaíamos coa rede da paciencia.

Con Xesús vaíamos pescar mar a dentro na vida. Vaíamos
pescar coa **rede da sinceridade**, porque vivimos nuns
tempos nos que parece que o que máis importa é
aparentar e presumir. Nós vaimos pescar coa rede da
sinceridade.

Con Xesús vaíamos pescar mar a dentro na vida. Vaíamos
pescar coa **rede do compartir**, porque vivimos tempos nos
que pode o individualismo. Impónse o de que cada un vaia
ao seu. Nós vaíamos pescar coa rede do compartir en
comunidade.

Con Xesús vaíamos pescar mar a dentro na vida. Vaíamos
pescar coa **rede da tranquilidade e do sosego**, porque
vivimos tempos no que todo ten que ser xa e a presa.
Todo ten que ser inmediato, todo ten que ser a correr, e
xa está tardando. Nós vaíamos pescar coa rede da calma.

Vaíamos pescar na vida porque Xesús nos pide a nós o
mesmo que lle pediu a aqueles mariñeiros:

“SEDE PESCADORES DE HOMES E MULLERES”.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Profesar a fe convértenos en mensaxeiros
do Evanxeo. Co noso feito de compartir aquí, e coas
nosas voces pregoamos o Credo que queremos facer
crible no mundo de hoxe.*

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

***Credes en Deus, Pai e Nai,
que nos creou á súa imaxe e semellanza e que nos
necesita co noso exemplo para anunciar a Boa Nova do
Evanxeo?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes en Xesús,
o enviado para falarnos de Deus, e que conta co noso
comprometernos para as redes da solidariedade, a
igualdade, e a tolerancia?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes no Espírito Santo,
que nos acompaña na vida do día a día descubríndonos
que con Deus á nosa beira podemos ser e dar bo exemplo
no mundo de hoxe?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes na igrexa
a comunidade dos homes e mulleres que queremos facer
nosa a misión de Xesús anunciando o seu Evanxeo?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Co alento das palabras e dos feitos de Xesús, presentamos os nosos desexos ao Pai rezando coma pobo crente, dicindo xuntos:*

QUEREMOS FACER EVANXEO

Monitor/a:

- ✓ Con todas as persoas que teñen responsabilidade na vida da Igrexa, para que nos seus exemplos dean razón do vivido por Xesús. Recemos xuntos
- ✓ Con todos os crentes, para que nos sintamos implicados na tarefa das redes da paciencia, da sinceridade, do compartir, da paz. Recemos xuntos
- ✓ Con todas as persoas maiores que viven soas nas nosas aldeas, porque as súas vidas foron moitas veces sacrificadas, sobre todo para as mulleres. Recemos xuntos
- ✓ Coas persoas que viven do mundo do mar, porque non sempre son recompensados os seus esforzos, e porque en demasiadas ocasións no propio mar afogan a vida, xa sexan mariñeiros ou refuxiados. Recemos xuntos

Celebrante: *Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános o valor de facer nosa a túa misión sendo mensaxeiros de Boa Nova. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Nesta oración dicimos: “fágase a túa vontade”, que poderíamos traducir dicindo: “podes contar comigo para ser testemuña do teu fillo Xesús”. Con este desexo e disposición rezamos con confianza como o temos aprendido de Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Dános a túa paz Señor e fai que saibamos transmitila a tantas persoas que viven sen ela compartindo o teu amor con todos os que precisan de axuda e dunha palabra de ánimo. Que non nos canse dar unha man, porque as nosas tamén son necesarias. E dende logo valen a pena cando fan ben como agora facemos compartindo un xesto de paz.*

♪ nº 36 Fagamos a paz irmáns

COMUÑÓN

Celebrante: *Estamos convidados á vida de Xesús. Non esquezamos que coma crentes temos que ser testemuñas do seu Evanxeo. Comulgar é vivir o compromiso e a responsabilidade deste seguimento da súa chamada. Ditosos nós que hoxe somos convidados a compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 42** *Quen nos vai separar*
Ou nº 56 *Ide e pregoade a Nova de Deus*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Deus, noso Pai,
fai que vivamos unidos a Cristo, coma nun só corpo,
e teñamos a alegría de producirmos froitos
para a salvación do mundo coas nosas redes.

Pedímoscho a Ti,
que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

A Palavra de Deus chámamos hoxe a seguir a Xesús coas redes do Evanxeo vivido.

Pero a nosa comodidade e a falta de dispoñibilidade poden moitas veces ser unha carga na nosa decisión.

Non teñamos medo. Deus e os demais precisan de nós, para amar e facer viva hoxe a Boa Nova con feitos.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



Así nolo ensina o evanxeo de hoxe.

🎵 **nº 56** *Ide e pregoade*

Podémonos ir en paz. Amén